

Exercicios de apoio

Exercicios de realización libre. Coa realización destes exercicios preténdese que sexas ti mesmo/a quen esquemáticas ou resumas coas túas propias palabras os contidos de cada aspecto teórico. Por isto, podes elaborar unha táboa de modo que representes mellor cada concepto complexo da unidade. Ademais, estes exercicios tamén tratan de facerche ver a utilidade dos recursos esquemáticos e sintéticos para concentrar a información, e o interese que posúen como método de estudo e recuperación da información. De todas as maneiras, sempre se dá unha solución ou, polo menos, un modelo para orientarte.

- 1.- Dá unha definición completa da cantiga de amigo.
- 2.- Establece as principais diferenzas entre cantiga de amigo e cantiga de amor.
- 3.- Enumera os procedementos formais da cantiga de amigo.
- 4.- Caracteriza o xénero satírico e establece as diferenzas entre escarnio e maldicir.
- 5.- Dá unha definición de paralelismo.
- 6.- Clasifica as cantigas de Santa María.
- 7.- Indica os principais interlocutores na cantiga de amigo.
- 8.- Indica os temas da cantiga satírica.
- 9.- Documéntate e escribe unhas liñas sobre o *Grial* ou *Graal*.
- 10.- Indica as diferenzas entre a *materia de Troia* e a *materia de Bretaña*.
- 11.- Establece as principais características do xénero narrativo.
- 12.- Documéntate e escribe unhas cinco liñas sobre a *materia de Bretaña*.

Solución:

1.

Cantiga de Amigo: Son composicións poéticas breves feitas por un trobador (un home) e postas na boca dunha muller namorada. Nos primeiros versos da

cantiga, case de modo invariable, figura a palabra “amigo” ou unha variante desta.

2.

Cantiga de Amigo	Cantiga de Amor
<p>Fala unha rapaza. Aparece a palabra amigo. Recollen a tradición autóctona. Son máis populares. Especialistas nestas cantigas, os xograres. Reproducen máis os recursos formais como paralelismo e refrán. Poden ser dialogadas. Amosa os sentimentos femininos desde a perspectiva do home, non desde a perspectiva da muller.</p>	<p>Fala o trovador. Aparece a palabra senhor. Recollen a influencia Provençal. Son máis técnicas. Especialistas nestas cantigas, os trobadores. Reproducen menos eses recursos. Nunca se produce o diálogo entre os namorados. O máis característico é a coita de amor, que fai morrer ao pobre namorado.</p>

3.

Procedementos formais da cantiga de Amigo: O paralelismo é a característica máis distinguido desde o punto de vista formal das cantigas de amigo. A estrutura típica paralelística é como segue:

	A		A'
1ª estrofa	B	2ª estrofa	B'
	Refrán		Refrán

Cando se substitúe unha palabra por outra na estrofa repetida chámase paralelismo perfecto, que tamén pode consistir na repetición das mesmas palabras pero con ordenación diferente, de modo que varíe a rima. Pode darse paralelismo imperfecto, os versos repetidos A', B' reproducen libremente a estrutura sintáctica ou o significado dos anteriores A, B. **O leixaprén** é o outro procedemento formal das cantigas de amigo e consiste en facer que o segundo verso da primeira estrofa sexa o primeiro da terceira, o segundo da segunda sexa o primeiro da cuarta, e así sucesivamente.

4.

As cantigas **satíricas** ou críticas, proveñen dun xénero da lírica provençal que recibía o nome de sirventés, aínda que constitúen un só xénero a “arte de trovar” do cancionero da Biblioteca Nacional de Lisboa establece unha distinción entre cantiga de escarnio: alusións, dobres sentidos e eufemismos. A de maldicir empregaría a sátira directa chamando ás cousas polo seu nome. Parece ser que tiveron moita aceptación na sociedade da época.

5.

Paralelismo: É un procedemento repetitivo, típico da cantiga peninsular, que

enlaza as estrofas de dúas en dúas, facendo que os versos da segunda estrofa sexan unha pequena variante dos versos da primeira. O paralelismo fai que a unidade rítmica deixe de ser a estrofa para pasar a ser o par de estrofas. É o trazo máis distintivo da cantiga de amigo. Dentro do paralelismo diferenciamos entre paralelismo perfecto e imperfecto

6.

Clasificación das Cantigas de Santa María: As cantigas son, en xeral, tenros e fermosos relatos de milagres; o estilo é sinxelo e inxenuo, pero de tal colorido e forza narrativa que dan a impresión de seren cousas contadas por unha fiel testemuña ocular. Clasifícanse así:

Cantigas de loor.

Cantigas de rogo e gratitude.

Festas de Sta. María.

Festas de Noso Señor.

Cantigas adicionais.

Prólogos poéticos.

7.

Interlocutores na Cantiga de Amigo:

1 - Cantigas directamente dirixidas ao amigo

2 - Cantigas dedicadas a un auditorio

3 - Cantigas dedicadas a unha amiga

4 - Cantigas dedicadas a varias amigas

5 - Cantigas dedicadas a unha ou varias donas

6 - Cantigas dedicadas á nai

7 - Cantigas da nai á filla

8 - Cantigas dedicadas á irmá

9 - Cantigas dedicadas ao Amor

10 - Cantigas dedicadas a elementos da Natureza

11 - Cantigas dedicadas aos santos e a Deus

8.

Temas da Cantiga Satírica:

1 - Cantigas que versan sobre o sexo (dentro destas, as soldadeiras foron un dos motivos favoritos, sendo María Pérez Balteira, “A Balteira”, obxecto de moitas delas; outras tratan contra a homosexualidade...).

2 - Sátiras de vicios, costumes e defectos físicos (contra os matrimonios desiguais, a crenza en agoiros...).

3 - Sátiras de clases sociais (dos novos ricos, da decadencia da nobreza...).

4 - Sátiras contra outros poetas (por non cumprir o código cortés, ou contra xograis que pretenden chegar á condición de trovadores...).

5 - Sátiras de covardes e feitos históricos (Afonso X...).

6 - Sirventés moral (pola corrupción, pola procura da verdade...).

7 - Composicións de tipo parodístico.

9.

Grial ou Graal: Nas vellas lendas celtas era un vaso máxico que roporcionaba poderes extraordinarios ao seu posuidor. A lenda cristianizouse e pasou a ser o cáliz usado por Xesús na última cea. Da **Materia de Bretaña** (sitúa os seus episodios na Bretaña francesa ou na Gran Bretaña e tamén se coñece co nome de Ciclo Artúrico por ser o rei Artur un dos seus protagonistas principais) o que máis conservamos son textos relacionados coa Demanda do Santo Graal.

10.

1.- Ciclo Bretón ou Artúrico (Materia de Bretaña): Sitúa os seus episodios na Bretaña francesa ou na Gran Bretaña. Tamén se coñece co nome de Ciclo Artúrico por ser o rei Artur un dos seus protagonistas principais. Desta materia o que máis conservamos son textos relacionados coa Demanda do Santo Graal, que se divide en tres partes:

Xosé de Arimatea.- Desta parte conservamos unha copia do século XVI. Xosé de Arimatea é o home que recolle o derradeiro sangue de Xesús crucificado nunha copa (o Santo Graal) que fora utilizada na Última Cea, esta copa agarda en Gran Bretaña a chegada do cabaleiro que sexa quen de desfacer o encantamento.

Merlín.- Desta parte, que conta as profecías do mago, conservamos fragmentos.

Demanda do Santo Graal.- A esta parte pertencen as aventuras dos cabaleiros da Corte do rei Artur na procura do Santo Graal. Conservamos un manuscrito de fins do XIV ou comezos do XV.

2.- Ciclo Clásico ou Troiano (Materia de Roma): Como o seu nome indica, este ciclo está composto por aquelas obras que teñen como temática a historia de Troia. Na narrativa deste ciclo xa podemos falar de textos propiamente galegos e non galego-portugueses. Conservamos dúas versións da lenda de Troia: A Crónica Troiana e A Historia Troiana.

Crónica Troiana.- Data do último cuarto do século XIV. Salienta polo seu gran valor lingüístico que vén dado pola presenza de diferenzas dialectais.

Historia Troiana.- Trátase dun texto bilingüe en galego e castelán do século XIV.

11.

Características do xénero narrativo: predomina o pretérito de indicativo (*buscaron, soterraron, fezo soterrar, fezo gran doo, etc.*), tempo que serve para a narración de accións ocorridas no pasado. Na prosa, en xeral, abundan as repeticións e as oracións subordinadas. Na prosa histórica e de ficción destacamos a vivacidade, naturalidade e fluidez, abundancia de oracións coordinadas, principalmente copulativas.

12.



Outro gran tema da narrativa medieval é a *materia de Bretaña*, historias baseadas nas aventuras do rei Artur e os cabaleiros da Táboa Redonda. En galego consérvanse deste ciclo o *Libro de Xosé de Arimatea*, fragmentos do *Libro de Merlín* e a *Demanda do Santo Graal*. Así mesmo se conservan fragmentos do *Libro de Tristán*.